

| | | | | | |
|------|--|----------|--|-------|--|
| NOME | | APELIDOS | | CURSO | |
|------|--|----------|--|-------|--|

ACTIVIDADES OS SISTEMAS FASCISTAS

1- SISTEMAS POLÍTICOS ANOS 30 (Mapa presentación)

| | PAÍS-BANDEIRA | PRESIDENTE |
|---|---------------|------------|
| DEMOCRACIAS | | |
| | | |
| | | |
| SISTEMA AUTORITARIO Ditaduras en Europa | | |
| | | |
| | | |
| SISTEMA TOTALITARIO | | |
| | | |
| | | |

2- DIFERENZAS ENTRE DEMOCRACIAS E SISTEMAS TOTALITARIOS. Indica os trazos das Democracias e dos Sistemas Totalitarios respecto ós seguintes aspectos.

| | DEMOCRACIAS | SISTEMAS TOTALITARIOS |
|--------------|-------------|--------------------------|
| CONSTITUCIÓN | | |
| PODERES | | |

| | | |
|---------------------------------|--|--|
| PLURALISMO POLÍTICO | | |
| DEREITOS E LIBERDADES | | |
| SOCIEDADE | | |
| INFORMACIÓN | | |
| CULTURA E EDUCACIÓN | | |
| VALORES | | |
| RELACIONES CON OUTROS PAÍSES | | |
| APOIOS SOCIAIS | | |

3- A CHEGADA Ó PODER DE MUSSOLINI E HITLER.

Procura información sobre a chegada ó poder de Mussolini e Hitler

| | MUSSOLINI | HITLER |
|--|-----------|--------|
| FOTO ANOS 20 | | |
| PARTICIPACIÓN NA 1ª GUERRA MUNDIAL | | |
| NOME DO SEU PARTIDO E DATA DE FUNDACIÓN | | |
| OBRAS. ESCRITOS. MEDIOS DE EXPRESIÓN | | |
| FACTORES QUE FAVORECERON O SEU ASCENSO: Económicos- Sociais.Políticos.. | | |
| INIMIGOS POLÍTICOS. | | |

| | | |
|---|--|--|
| EMPREGO DE VIOLENCIA | | |
| FORMA DE ACCEDER Ó PODER | | |
| ACONTECEMENTO QUE PROPICIOU A EXCLUSIÓN DOS OUTROS PARTIDOS | | |
| MEDIDAS QUE ESTABLECERON O SEU PODER PERSOAL E DO SEU PARTIDO | | |

4- BUSCA IMAXES QUE ILUSTREN OS DISTINTOS ASPECTOS DO FASCISMO ITALIANO E DO NAZISMO ALEMÁN.

| | | |
|---|--|--|
| LÍDER | | |
| PARTIDO POLÍTICO | | |
| SÍMBOLOS E BANDEIRAS | | |
| UNIFORMES | | |
| PROPAGANDA | | |
| ORGANIZACIÓN DA INFANCIA E DA XUVENTUDE | | |
| PAPEL DA MULLER | | |
| | | |

| | | |
|--------------------------------|--|--|
| CONSIDERACIÓN DOUTRAS RAZAS | | |
| REPRESIÓN OPOSICIÓN | | |
| TERRITORIOS QUE RECLAMAN | | |

5- O LÍDER CARISMÁTICO:
FAI UNHA FOTOMONTAXE, ONDE APAREZAN DISTINTAS “POSES” DE
HITLER E DE MUSSOLINI DIRIXÍNDOSE ÁS MASAS EN DISCURSOS...
DESTACA É COMENTA A IMAXE QUE SE PRETENDE DAR

6- HISTORIA NO CINE

O Gran Ditador.

Discurso Final

FICHA

Autor:

Data:

Argumento da Película

Contexto Histórico que reflicte:

Descrición da secuencia (Acción que se desenvolve. Protagonistas):

Que cres que se nos quere transmitir nesta secuencia.

Fai un comentario

- 7- Despois de ler un dos artigos, dos que che envíe estes enlaces, resume coas túas palabras os aspectos tratados.

Artículo Orixes do Fascismo italiano

<https://www.dropbox.com/s/pvnxpp0pk34ujt4/Orixes%20fascismo%20italiano.pdf?dl=0>

Artículo o 1 ano de Hitler no poder

<https://www.dropbox.com/s/t2dfnfjo6eo5gns/1%C2%BA%20ano%20de%20Hitler%20no%20poder.pdf?dl=0>

- 8- Tralo visionado dos documentais, dos que vos envíe estes enlaces, explicar coas vosas palabras o contido do que elixas, destacando os aspectos que che resulten máis interesantes.

Documental Mussolini

<https://www.dropbox.com/s/trdg7ygxo6v3isw/Mussolini.mpeg?dl=0>

Documental A Alemaña de Hitler

<https://www.dropbox.com/s/2lc25553fb49s4m/Historia%20del%20siglo%20XX%20%20%2003%20La%20Alemania%20de%20Hitler.wmv?dl=0>

- 9- COMENTARIO DE TEXTO. Fai o comentario dun dos seguintes documentos.

Doc. 1. As causas do fascismo

O fascismo é o resultado de tres procesos sociais intimamente relacionados entre si. En primeiro lugar, a guerra, que expulsou da vida burguesa e desclasou grandes masas de combatentes. Estas, incapaces de regresar aos modos de vida burgueses e nostáxicas dos hábitos e ideoloxías adquiridos durante a guerra, formaron despois desta as milicias fascistas, as xuntas de defensa patrióticas, cunha peculiar ideoloxía militarista, antidemocrática e nacionalista. En segundo lugar, as crises económicas de posguerra, que sumiron na miseria grandes masas de pequenoburgueses e campesiños. Estas masas, depauperadas e resentidas, abandonaron as filas dos partidos de masas democrático burgueses, nas que tiñan militado ata entón, e alzáronse cheas de odio e decepción contra a democracia [...]. En terceiro lugar, e a causa daquelas crises, a redución dos beneficios da clase capitalista que quixo resarcirse aumentando o grao de explotación, para o que precisaba romper a resistencia obreira. Como [...] dubidaba de conseguilo baixo o réxime democrático [...], comezou por axudar con medios financeiros aos fascistas, por inducir o aparato estatal a aprovisionar con armas ás milicias fascistas, asegurándolles impiedade nas súas accións de castigo contra a clase obreira, para rematar por ceder o poder do Estado aos fascistas.

Otto BAUER. O fascismo. 1936

Documento 2

A quen debe dirixirse a propaganda? Aos intelectuais, ou á masa menos instruída? Debe dirixirse sempre e unicamente á masa! [...] A tarefa da propaganda consiste, non en instruír cientificamente ao individuo illado, senón en atraer ás masas sobre feitos, acontecementos, necesidades, etc. [...] Toda propaganda debe ser popular, adaptando o seu nivel intelectual á

capacidade receptiva do menos intelixente dos individuos a quen se dirixe. Desta sorte, o nivel mental será tanto menor canto maior sexa a multitude que se deba conquistar [...]; a súa capacidade receptiva é sumamente limitada e a súa comprensión escasa; por outra parte, ten unha gran capacidade de esquecemento. Así as cousas, toda propaganda, para que sexa eficaz, debe limitarse a moi poucos puntos e presentalos en forma de grito de combate [...]. O éxito débese á persistencia e asiduidade con que se empregue.

Adolf HITLER. A miña loita. 1925

Documento 3. A violencia fascista.

En plena noite, cando a poboación honrada está na súa casa durmindo, os camións dos fascistas chegan ás pequenas aldeas situadas no medio do campo acompañados, como é lóxico, polos dirixentes agrarios locais e guiados por eles [...]. Chegan ata unha das casas e óese a orde: «Rodeade a casa». Son de vinte a cen homes armados con fusís e revólveres. Chaman ao xefe da liga e ordénanlle que baixe. Se este non obedece, díselle: «Se non baixas, imos queimar a casa, coa túa muller e os teus fillos». Entón o xefe da Liga baixa, ábrese a porta, cólleno, átano, súbeno ao camión, onde o someten as torturas máis inverosímiles, simulando que o van esganar ou matar; despois abandónano no medio do campo, atado a un árbore, espido. Se polo contrario, este é un home con coraxe, que non abre a porta e utiliza algunha arma para se defender, entón o resultado é o asasinato inmediato do cento por un.

Giacomo MATTEOTTI [deputado socialista italiano asasinado polos fascistas por denunciar as súas prácticas violentas]. Discurso. 10-3-1921

Documento 4

Racismo e antisemitismo nazi

Existen na historia numerosos exemplos que proban con claridade como, cada vez que o sangue ario se mesturou co doutros pobos inferiores, a consecuencia foi a destrución da raza portaestandarte da cultura [...]. Se dividísemos a raza humana en tres categorías –fundadores, conservadores e destrutores– unicamente a estirpe aria podería ser representante da primeira categoría [...]. O antípoda do ario é o xudeu.

Adolf HITLER. A miña loita. 1925

Documento 5

A muller é por natureza e destino compañeira do home. Isto implica que os dous non son soamente compañeiros para toda vida, senón tamén compañeiros de traballo [...]. Pero máis imperioso que o traballo en común, é o deber do home e da muller de perpetuar o xénero humano [...]. Sen deixar de concederlle á muller un amplo campo de actividade, non se deberá nunca perder de vista que o fin derradeiro dunha verdadeira evolución orgánica e lóxica é a formación dunha familia. A familia é a unidade máis pequena, pero tamén a máis importante de toda a estrutura dun Estado. O traballo honra á muller tanto como ao home. Pero o fillo ennobrece á nai.

Adolf HITLER. O meu programa. 1932

1- Clasificación do documento:

Tipo de Fonte. Carácter do texto (xurídico, político, literario...) A forma (carta, discurso, manifesto, proclama, Tratado...)

2- Identificación.

Data, Autor, a quen vai dirixido

3- Tema ou problemática que se expón no texto:

4- Contextualización

5- Antecedentes:

6- Causas:

7- O Crack de 1929

8- Consecuencias:

9- Valoración: